

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de agosto de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta minutos do día dous de agosto de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria do Pleno, Sra. Acuña Campos, por ausencia do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e a interventora acctal., Sra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(890).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(891).- PROXECTO DE CONTRATO PARA A CONTRATACIÓN DO CONCERTO MUSICAL “SON DE VIGO”, DENTRO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DAS FESTAS DE VERÁN 2011, O DÍA 6 DE AGOSTO NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 4216/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizo de Festas, do 28.07.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e pola concelleira delegada da Área de Cultura e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto nos artigos 20 e 154.d da Lei 30/2007, do concerto musical “SON DE VIGO”, dentro do programa de concertos das Festas de Verán 2011, o día 6 de agosto, ás 22:30 horas, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 49.648,50 euros (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará ESMERARTE SERVICIOS ARTÍSTICOS SL.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Festas 2080.0000.77.0040277241.

4º.- Aprobar o prezo de 3 euros para as 4.000 entradas que o Concello porá á venda e das que será o único beneficiario.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.